

CONCELLO DE AMES
ANUNCIO

Convocatoria do proceso selectivo para a contratación de 20 alumnos/traballadores e por un período de nove meses para a execución do obradoiro de emprego RENOVA VERDE
Expediente GD 7890/2026

Mediante Decreto 1512/2026, de 22 de maio, **RESOLVEUSE:**

(.....)

“Segundo.- Aprobar as bases do proceso selectivo para a contratación de 20 alumnos/traballadores e do equipo directivo e docente que se conformará por un director/a, dous mestres de especialidade e un titor/a por un período de nove meses. para a execución do obradoiro de emprego RENOVA VERDE, as cales constan como anexo desta resolución.”

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO “RENOVA VERDE”
--

O Obradoiro de Emprego Dual “RENOVA VERDE” configúrase como un programa experiencial de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaoto ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Este programa está subvencionado ao amparo da Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG núm. nº 228, do 25 de novembro de 2025 e promovido polos concellos de Ames e Brión.

Respéctase o establecido na Resolución de concesión da subvención, de data do 17 de abril de 2026 notificada no mesmo día e con Núm. de expediente TR353A-2025/000080-1 e a circular recibida o 20 de abril de 2026 da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración coas Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo. Convocatoria 2026-27.

PRIMEIRA.- OBXECTO

Estas bases teñen como finalidade o establecemento do sistema, procedemento e baremos que se aplicarán na selección do alumnado-traballador participante do obradoiro de emprego dual “RENOVA VERDE”, de conformidade co previsto no capítulo III Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia,

e se procede a súa convocatoria para o ano 2026, e coas Instrucións ditadas pola Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación que a desenvolven.

O obradoiro terá unha duración de **9 meses** e formará a **20 alumnos/as traballadores/as**, 10 para cada unha das especialidades.

As **especialidades** a impartir son as seguintes:

- ✓ **Certificado de profesionalidade ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS. 10 alumnos/as**
- ✓ **Certificado de profesionalidade AGAO0208 INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES. 10 alumnos/as**

A **distribución** por concellos é a seguinte:

- Concello de Ames: 15 alumnos/as
- Concello de Brión: 5 alumnos/as

As **actuacións** a realizar son as seguintes:

Concello de Ames

- Obra Ames 1: Instalación fotovoltaica casa da cultura de Bertamiráns
- Obra Ames 2: Instalación fotovoltaica centro de formación e emprego de Aldeanova
- Obra Ames 4: Recuperación ambiental do bosque en galería e obras de xardinería no parque do Ameneiral. Bertamiráns
- Obra Ames 5: Instalación de xardín climático na Madalena. O Milladoiro
- Obra Ames 6: Mantemento dos xardíns da Rúa Anxeriz. O Milladoiro
- Mtto. 1: Mantemento de instalación fotovoltaica no campo de fútbol de Bertamiráns
- Mtto. 2: Mantemento de instalación fotovoltaica no pavillón polideportivo de Bertamiráns
- Mtto. 3: Mantemento de instalación fotovoltaica no campo de fútbol do Milladoiro
- Mtto. 4: Mantemento de instalación fotovoltaica na casa da cultura e en instalacións deportivas do Milladoiro
- Mtto. 8: Mantemento de instalación fotovoltaica depuradora de Ameixenda do concello de Ames
- Mtto. 9: Mantemento de instalación fotovoltaica depuradora de Milladoiro do concello de Ames
- Mtto. 11: Mantemento instalación fotovoltaica ETAP de Lens do concello de Ames-Brión
- Mtto. 13: Mantemento e conservación instalación fotovoltaica EDAR de Sisalde do concello de Ames
- Mtto. 14: Mantemento de instalación fotovoltaica piscina municipal de Bertamiráns
- Mtto. 15: Mantemento de instalación fotovoltaica piscina municipal de Milladoiro
- Mtto. 16: Mantemento e conservación instalación fotovoltaica Escola Infantil A Madalena de Milladoiro
- Mtto. 17: Mantemento e conservación instalación fotovoltaica Escola Infantil O Bosque de Bertamiráns

Concello de Brión

- Obra Brión 3: Instalación e mellora das zonas verdes e rotondas do concello de Brión
- Mtto. 5: Mantemento de instalación fotovoltaica Escola Infantil de Brión
- Mtto. 6: Mantemento de instalación fotovoltaica pavillón polideportivo de Brión
- Mtto. 7: Mantemento de instalación fotovoltaica espazo colaborativo Transformando do concello de Brión
- Mtto. 10: Mantemento de instalación fotovoltaica centro social Polivalente de Brión
- Mtto. 12: Mantemento de instalación fotovoltaica pérgola FV biblioteca do concello de Brión
- Mtto. 18: Mantemento de instalación fotovoltaica Escola de Música de Brión

Contratarase ao seguinte alumnado traballador para o obradoiro de emprego:

20 alumnos/as traballadores/as	Xornada completa
---------------------------------------	------------------

SEGUNDA.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO

O **alumnado traballador** será contratado mediante a modalidade de “**contrato para a formación en alternancia**”, de acordo co disposto no texto refundido da lei do Estatuto dos Traballadores, a estes contratos non será de aplicación o limite de idade, nin o de duración establecido de dito estatuto.

A contratación do alumnado traballador será pola duración total do obradoiro establecido en 9 meses dende a data de inicio prevista o 1 de xuño de 2026 ou da que se fixe no suposto de autorizarse unha ampliación da data prevista. A contratación será a xornada completa.

As persoas seleccionadas percibirán as retribucións que se sinalan no proxecto elaborado polas entidades promotoras do mesmo (Concello de Ames e Brión), conforme a normativa xurídica aplicable, sin que poidan participar na distribución de fondos, nin percibir retribucións distintas as establecidas.

TERCEIRA.- O GRUPO DE SELECCIÓN

1. O grupo de selección terá como función a valoración de méritos alegados polos/as aspirantes remitidos pola Oficina de Emprego de Santiago-Centro e a valoración das entrevistas ou probas que se realicen. Os membros serán designados tres deles pola alcaldía do concello de Ames actuando un deles como presidente e dous pola alcaldía do concello de Brión, actuando un deles como secretario/a (en virtude do artigo 21.1.g da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local).

O grupo de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O nomeamento destas/es asesores especialistas corresponderalle aos alcaldes de Ames e Brión a proposta do grupo de selección.

2. As decisións do grupo de selección tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se, por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións do grupo de selección, algún dos seus membros non puidera asistir, será substituído pola persoa que figurase de suplente para ela.

As reunións do grupo de selección recolleranse nas actas correspondentes.

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo de selección nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

O grupo de selección considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de tres dos seus compoñentes.

Incidencias e reclamacións: As incidencias e reclamacións que se puidesen suscitar derivadas dos procesos de selección serán resoltas polo grupo de traballo.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR

Sistema de selección: Oferta tipo T (Obradoiro de emprego)

Localidade: Ámbito dos Concellos de Ames e Brión. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: 18 ou máis anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas demandantes de emprego que carezan de retribución remunerada e estean dispoñibles para o emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que será o encargado de realizar a sondaxe tendo en conta ás persoas inscritas en algún dos seguintes servizos: 320, 330, 340, ou 370 e os demandantes que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 (suspensión específica programas experimentais de emprego) e cumprir cos requisitos do contrato de formación en alternancia no momento da selección e da contratación.

Criterios preferentes e sistema de selección: o grupo de selección aplicará os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 10 da Orde do 14 de novembro de 2025 (DOG nº228, do 25 de novembro de 2025) da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2026, segundo baremo que se xunta no Anexo I destas bases.

As persoas candidatas deberán, tendo en conta que a formación a impartir no proxecto vai dirixida á obtención dun certificado de profesionalidade de nivel de cualificación 2, cumprir cos requisitos de acceso sinalados no Real decreto que regula o dito certificado.

En ningún caso poderán participar as persoas que xa tiveran cursado o mesmo certificado profesional, con independencia de que o resultado fora de superado ou non superado.

O número de candidatos/as a preseleccionar será como mínimo, se é posible, de 60 (3 por praza), coa seguinte distribución:

- ✓ **Certificado de profesionalidade ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS. 30 candidatos/as**
- ✓ **Módulo do certificado de profesionalidade AGAO0208 INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES. 30 candidatos/as**

A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: **320, 330, 340 ou 370 e na situación administrativa de suspensión 699**, a partir dos 18 anos.

A entidade promotora tramitará a correspondente oferta na **oficina de emprego de Santiago Centro**, para logo proceder ás selección definitiva das persoas candidatas polo grupo de selección.

Terán preferencia as persoas que solicitasen este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, priorizaranse a aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral con anterioridade á resolución da convocatoria, sempre que se encontren dentro dalgunha das especialidades que se vaian impartir no obradoiro.

Do mesmo xeito, terán prioridade as persoas que non participaran nun obradoiro dual ou programa de emprego de garantía xuvenil nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores, e deberán obter unha puntuación no baremo de **polo menos un 25%** sobre a puntuación desta fase do proceso selectivo.

Unha vez aprobadas as presentes bases de selección, o Concello de Ames tramitará a correspondente oferta e a continuación procederase á selección definitiva das persoas candidatas polo grupo de selección.

Ao realizarse un dobre procedemento de valoración, obxectivo e subxectivo, deberán facerse de forma independente valorando primeiro os aspectos subxectivos e con posterioridade, e despois de facelos públicos, realizarase a valoración obxectiva.

As persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego serán convocadas, en primeiro lugar, para a realización dunha **entrevista persoal (9 puntos)**, coa finalidade de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes, capacidades e motivación, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo.

Posteriormente, realizarase a **avaliación obxectiva** a través da **aplicación do baremo (11 puntos)** establecido no **Anexo I**, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas. A documentación acreditativa de ditas circunstancias presentarase no Rexistro xeral do Concello de Ames, especificando de xeito claro que é para o Obradoiro Dual de Emprego RENOVA VERDE de forma presencial, ou a través da sede electrónica (<https://sede.concellodeames.gal>), tendo de prazo ata as 14 h. do día seguinte á data de realización da entrevista.

As persoas candidatas que cumpran algún dos criterios de prioridade establecidos no artigo 10 da Orde do 14 de novembro de 2025 (DOG nº228, do 25 de novembro de 2026) da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 e conforme o Anexo I destas bases, deben manter esas circunstancias con anterioridade ao remate do día de celebración da correspondente entrevista.

As persoas que non presenten a documentación ou que non acudan ás convocatorias das distintas fases do proceso quedarán excluídas.

A entidade promotora (Concello de Ames) comunicará ás persoas candidatas preseleccionadas para os postos de alumnado-traballador a data e lugar para a realización da entrevista. Estas entrevistas terán lugar nas datas e no local que fixe o grupo de selección. O grupo de selección levará a cabo as entrevistas, valoraraas e puntuaraas, o que será obxecto de exposición pública no mesmo local onde tivo lugar a entrevista e nas páxinas web dos Concellos de Ames e Brión. Posteriormente o grupo de selección levará a cabo a valoración dos méritos das persoas candidatas.

Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas

Os casos de empate resolveranse aplicando a seguinte orde de prelación:

- a) Non ter participado nunca nun obradoiro de emprego
- b) A menor cualificación profesional
- c) Maior tempo acreditado como persoa demandante de emprego desde a última inscrición
- d) A persoa de maior idade.

Puntuacións finais e contratación como alumnos-as/traballadores-as

Unha vez rematado o proceso, as entidades promotoras publicarán as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento que virán dadas pola suma dos puntos acadados nas diferentes fases do procedemento realizado. Determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación como alumno/a-traballador/a pola entidade promotora.

Listaxe de reserva

Elaborarase unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección e segundo a orde de puntuación acadada, ocuparán a praza obxecto da convocatoria. Esta listaxe empregarase para cubrir as vacantes que se produzan por baixas ou

renuncias durante o prazo permitido para incorporar novo alumnado. Esta bolsa extinguirase unha vez finalizado o obradoiro.

No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección.

O grupo de selección redactará as correspondentes actas do procedemento e remitiráas á oficina de emprego e á Dirección territorial (Servizo de Formación e Colocación), acompañada da relación do alumnado seleccionado, elaborando tamén unha listaxe de reserva cos candidatos/as non seleccionados.

3. Publicación e/ou notificacións

Finalizada a derradeira fase, a entidade promotora procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no proceso.

As ditas **puntuacións finais** virán dadas pola suma dos puntos acadados en cada fase e determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes constituíndo a proposta para a súa posterior contratación pola entidade promotora.

O grupo de selección acordará a publicación dos resultados e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse nos taboleiros dos concellos promotores, así como na páxina web dos dous concellos.

Ames, na data da sinatura dixital

ANEXO I. BAREMO PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR

A baremación das persoas candidatas aos postos de alumnado-traballador constará de dúas partes:

1ª. Valoración subxectiva: entrevista

Previo á baremación e á realización do cuestionario, o grupo de selección realizará unha entrevista persoal na que se valorará o interese da persoa preseleccionada en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo. **Esta entrevista puntuarase ata un máximo de 9 puntos.**

Valorarase a actitude, eficacia, experiencia profesional e cantas outras circunstancias se precisen para a mellor adaptación aos requisitos esixidos polo programa e ás correspondentes especialidades.

Criterios de valoración:

Posibilidade de mellora da empregabilidade a través deste obradoiro:	Alta	3
	Media	2
	Baixa	1
	Ningunha	0
Aptitude e adecuación ao posto en relación coas especialidades do obradoiro (experiencia previa, coñecementos non regrados e similares,...):	Alta	3
	Media	2
	Baixa	1
	Ningunha	0
Actitude e motivación (interese en participar, dispoñibilidade, ...):	Alta	3
	Media	2
	Baixa	1
	Ningunha	0

2ª. Valoración obxectiva: baremación

CRITERIOS		PUNTOS
Tempo en desemprego (Acreditarase pola oficina de emprego)	Máis de 18 meses	1
	Entre 12 e 18 meses	0,5
Mulleres en xeral		0,5
Mulleres vítimas de violencia de xénero (Acreditación expedida polos servizos sociais da Administración pública autonómica ou local correspondentes).		1
Persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego. (Acreditarase co informe de vida laboral actualizada)		1

Idade:	52 ou máis	1
	18-29	0,75
	30-51	0,25
Formación académica: (Acreditarase cos datos rexistrados na oficina de emprego)	Ata graduado en ESO	1
	Bacharelato ou Ciclo medio	0,75
	Titulación universitaria ou Ciclo superior	0,25
Discapacidade (maior ou igual ao 33%): (Acreditarase cos datos rexistrados na oficina de emprego)		0,75
Persoas beneficiarias do tramo de inserción da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA). (Acreditar mediante informe dos servizos sociais municipais dos respectivos concellos)		0,75
Persoas emigrantes retornadas (Acreditar mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social ou do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións)		0,25
Non ter participado como alumando nas últimas cinco convocatorias de obradoiros.		2,75
Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI) sempre que se encontren dentro dalgunha das especialidades que se vaian impartir no obradoiro. A data do IPI deberá ser anterior á da Resolución de concesión do obradoiro dual de Emprego RENOVA VERDE (17 de abril de 2026).		1
TOTAL		11

A baremación terá unha puntuación máxima de 11 puntos.

Tal e como se indica na base CUARTA das presentes bases, a documentación acreditativa de ditas circunstancias presentarase no Rexistro xeral do Concello de Ames, especificando de xeito claro que é para o Obradoiro Dual de Emprego RENOVA VERDE de forma presencial, ou a través da sede electrónica (<https://sede.concellodeames.gal>), tendo de prazo ata as 14 h do día seguinte á data de realización da entrevista.

3. Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación (Máximo: 20 puntos), unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o baremo. No caso de empate será de aplicación os Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas (base CUARTA).

<i>INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS</i>	
<i>Responsable do tratamento</i>	<i>Concello de Ames</i>
<i>Finalidades do tratamento</i>	<i>Xestionar a convocatoria e resolución do proceso selectivo para a contratación de 3 peóns/as de medio ambiente por programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PEL-Concellos 2024) incluído na liña 1.1 do Plan de Emprego Local. Verificación dos datos aportados polas persoas candidatas.</i>
<i>Lexitimación para o tratamento</i>	<i>Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.</i>
<i>Destinatarios dos datos</i>	<i>A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento publicarase a listaxe de persoas admitidas e excluídas e a resolución do proceso no taboleiro da sede electrónica e na páxina web do Concello de Ames.</i>
<i>Exercicio de dereitos</i>	<i>As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito.</i>
<i>Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional</i>	<i>https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais</i>

Ames, 25 de maio de 2026

O alcalde

José Blas García Piñeiro